

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL ÚNICO DA ESPECIALIDADE DE SISTEMAS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

## PRIMEIRA PARTE DA PROBA (PARTE A)

Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema referido ao temario (Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996, BOE do 13 de febreiro), elixido polo persoal aspirante de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal.

Para a realización deste exercicio escrito, o persoal aspirante disporá dun máximo de dúas horas.

### CONTIDOS DO TEMA (9 puntos):

Nivel de coñecemento dos contidos propios do tema.

Nivel de afondamento e actualización dos contidos propios do tema.

Relevancia dos contidos expostos e dos seus apartados.

Precisión e rigor dos conceptos e termos empregados.

Uso da linguaxe técnica propia do tema.

Secuencia coherente e ordenada.

### ESTRUTURA DO TEMA E REDACCIÓN (1 punto):

Índice, introdución, contexto, xustificación e relevancia do tema.

Relación co currículo e o sistema educativo.

Presentación organizada, estrutura coherente e pulcritude.

Elaboración da conclusión acorde co planeado.

Uso axeitado da linguaxe e boa construción sintáctica. Fluidez na redacción.

### PREPARACIÓN, PRESENTACIÓN E EXPOSICIÓN, E DEFENSA DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA (PARTE B.1)

Valorarase de acordo cos criterios contidos na rúbrica publicada como anexo VIII da Orde de 5 de decembro de 2023 (convocatoria do procedemento). A cualificación será de 0 a 10 puntos.

### EXERCICIO PRÁCTICO (PARTE B2)

Consistirá no desenvolvemento por escrito dunha serie de exercicios, que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o

dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que se opta.

Para a valoración deste exercicio estarase ao disposto no anexo IV da Orde de 5 de decembro de 2023 (convocatoria do procedemento).

Para a realización deste exercicio escrito, o persoal aspirante disporá dun máximo de dúas horas e valorarase de 0 a 10 puntos.

#### CUALIFICACIÓN DA PROBA

Para a cualificación da proba estarase ao disposto na base 12.2 da Orde de 5 de decembro de 2023 (convocatoria do procedemento).